

O CONCELLO DE PORTO DO SON ORGANIZA UNHA NOVA EDICIÓN DO CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS.

A acción formativa, de catro horas de duración, vai ter lugar o martes 22 de maio nas Aulas do Viveiro de Empresas.

O Concello de Porto do Son, en colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns –dependente da Consellería de Sanidade- está a organizar unha nova edición do curso de Primeiros Auxilios (4h) que vai ter lugar o vindeiro martes día 22 de maio en horario de 16.00h a 20.00h.

Esta acción formativa, de carácter gratuito, está dirixida a pacientes, familiares de pacientes, cuidadores e cidadanía en xeral.

Programa:

- Asistencia inicial ante un traumatismo, feridas e hemorraxias.
- Convulsións, crise epiléptica.
- Dificultade respiratoria: ansiedade, crise asmática, etc.
- Queimaduras, escaldaduras.
- Perda de coñecemento: síncope, coma, etc.
- Diabetes: hipoglucemia.
- Reaccións alérxicas.
- Reanimación cardiopulmonar básica: atragantamentos, recoñecemento dunha PCR, etc.
- Etc.

Máis información e inscricións no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar). Prazas limitadas.

Porto do Son, 30 de abril de 2018.



concelho
Porto do Son

